

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 11155** *Real decreto 867/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 432/2000, do 31 de marzo, polo que se regula o cómputo no réxime de clases pasivas do Estado dos períodos recoñecidos como cotizados á Seguridade Social en favor dos sacerdotes e relixiosos ou relixiosas da Igrexa católica secularizados.*

O Real decreto 432/2000, do 31 de marzo, regulou, no réxime de clases pasivas do Estado, o cómputo dos períodos recoñecidos como cotizados á Seguridade Social en favor dos sacerdotes e relixiosos ou relixiosas da Igrexa católica que, o 1 de xaneiro de 1997, estivesen secularizados ou cesasen na profesión relixiosa, de forma análoga á regulación contida nos reais decretos 487/1998, do 27 de marzo, e 2665/1998, do 11 de decembro, no ámbito da Seguridade Social.

Conforme a primeira das normas que se citan, os períodos que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social recoñeza como asimilados a cotizados poden ser totalizados cos servizos prestados ao Estado e, de ser o caso, cos períodos de cotización efectiva que se acrediten no réxime de que se trate, tanto para causar dereito a pensión como para mellorar o importe dela, por solicitude do interesado e sempre que non se superpoñan, e respectando as peculiaridades propias da lexislación reguladora do réxime de clases pasivas do Estado.

Recentemente, o Real decreto 1512/2009, do 2 de outubro, modificou parcialmente os reais decretos 487/1998 e 2665/1998, entre outros aspectos, para estender o seu ámbito de aplicación aos membros laicos dos institutos seculares da Igrexa católica -sempre que figuren inscritos no Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza e que cesasen no exercicio da devandita actividade antes do 1 de xaneiro de 1997- e para recoñecer a posibilidade de computar os períodos en que os interesados desenvolveron a súa actividade relixiosa fóra de España -só para os efectos de completar o período de carencia e sempre que acrediten que a actividade se levou a cabo para a comunidade a que pertencían e ás ordes dos seus superiores-.

Tales novidades normativas aconsellan modificar o Real decreto 432/2000 en termos análogos, adaptado ás singularidades propias do réxime de clases pasivas do Estado.

A tal fin responde este real decreto, polo que se estende o ámbito de aplicación do Real decreto 432/2000 aos membros laicos dos institutos seculares da Igrexa católica, e se posibilita, só para efectos de completar o período de carencia, o cómputo dos períodos en que os interesados desenvolveron a súa actividade relixiosa fóra de España, mantendo a súa vixencia a norma precitada en todo canto non resulte afectado polas modificacións que se introducen por este real decreto.

Este real decreto dítase de conformidade coas previsións en favor deste colectivo, contidas na disposición adicional décima da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Economía e Facenda, por proposta conxunta da ministra da Presidencia e do ministro de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 432/2000, do 31 de marzo, polo que se regula o cómputo no réxime de clases pasivas do Estado dos períodos recoñecidos como cotizados á Seguridade Social en favor dos sacerdotes e relixiosos ou relixiosas da Igrexa católica, secularizados.*

O Real decreto 432/2000, do 31 de marzo, polo que se regula o cómputo no réxime de clases pasivas do Estado dos períodos recoñecidos como cotizados á Seguridade Social en favor dos sacerdotes e relixiosos ou relixiosas da Igrexa católica, secularizados, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación ás pensións do réxime de clases pasivas que, en propio favor ou no dos seus familiares, cause o persoal incluído no ámbito do título I do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, que tivese a condición de sacerdote ou relixioso ou relixiosa da Igrexa católica, así como de membro laico dalgún dos institutos seculares da Igrexa católica que figuren inscritos no Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza que, con data do 1 de xaneiro de 1997, estivese secularizado, cesase na profesión relixiosa ou como membro dos ditos institutos seculares.»

Dous. O número 1 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os períodos de exercicio do ministerio sacerdotal, así como os da profesión relixiosa ou os prestados como membro laico dun instituto secular da Igrexa católica, que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social recoñeza como asimilados a cotizados, respectivamente, no réxime xeral ou no especial de traballadores por conta propia ou autónomos, nos termos e condicións regulados no artigo 2 do Real decreto 2665/1998, do 11 de decembro, polo que se completa o Real decreto 487/1998, do 27 de marzo, sobre recoñecemento, como cotizados á Seguridade Social, dos períodos de actividade sacerdotal ou relixiosa aos sacerdotes e relixiosos ou relixiosas da Igrexa católica, secularizados, poderán ser totalizados, por solicitude do interesado e sempre que non se superpoñan cos anos de servizos que se acrediten no réxime de clases pasivas do Estado, tanto para causar dereito a pensión como para mellorar o importe desta. Os anos de servizo resultantes da expresada totalización en ningún caso poderán superar o número de trinta e cinco.

En pensións a favor de familiares, a solicitude dun dos interesados bastará para a aplicación da totalización de períodos en todas as pensións derivadas do mesmo causante.»

Tres. Engádese un número 3 ao artigo 2, coa seguinte redacción:

«3. Cando coa suma dos períodos de servizos ao Estado e, de ser o caso, os de cotización efectiva e os asimilados a cotizados de acordo co establecido no número 1, non se alcance o período mínimo de cotización exixido para causar dereito á pensión de xubilación, con carácter excepcional e na medida necesaria para completar o dito período mínimo, poderán recoñecerse, como cotizados á Seguridade Social, os períodos nos cales os interesados desenvolveron a súa actividade relixiosa fóra do territorio español, sempre que acrediten que a dita actividade se prestou para o instituto relixioso ou secular a que pertencían nese momento e exclusivamente baixo as ordes dos seus superiores.»

Catro. O parágrafo segundo do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Para eses exclusivos efectos, os períodos de exercicio do ministerio sacerdotal consideraranse como de servizos prestados no mesmo grupo profesional que resulte da aplicación das citadas táboas aos períodos de profesión relixiosa ou aos de membro laico dun instituto secular da Igrexa católica.»

Cinco. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«1. Nos supostos de recoñecemento do dereito a pensión de xubilación ou retiro, ou de mellora da anteriormente recoñecida, o interesado estará obrigado a aboar unha parte do seu importe total, exclusivamente polos anos de exercicio do ministerio sacerdotal, de profesión relixiosa ou de membro laico dun instituto secular da Igrexa católica que se computen e calculada segundo as seguintes normas:»

Seis. O número 1 do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«1. O procedemento para o recoñecemento dos beneficios regulados neste real decreto iniciárase por solicitude do interesado, que deberá xuntar unha certificación na cal se especifiquen os períodos asimilados a cotizados recoñecidos e, de ser o caso, os de cotización efectiva, emitida pola Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social do lugar de residencia do interesado ou, de residir no estranxeiro, pola correspondente á localidade en que o causante do dereito exerceu o ministerio sacerdotal ou profesión relixiosa no momento da súa secularización, ou como membro laico dun instituto secular da Igrexa católica, no momento do seu cesamento.»

Disposición transitoria primeira. *Situacións anteriores.*

1. Poderán solicitar a aplicación do cómputo dos períodos recoñecidos como cotizados á Seguridade Social en favor dos membros laicos dos institutos seculares da Igrexa católica, nos termos establecidos no Real decreto 432/2000, do 31 de marzo, e a conseqüente revisión das súas pensións, os actuais perceptores de pensións do réxime de clases pasivas do Estado que acrediten as condicións exixidas no número un do artigo único deste real decreto.

2. Así mesmo, poderán solicitar a aplicación do cómputo a que se refire o número anterior aquelas persoas que, acreditando as mesmas condicións antes da entrada en vigor deste real decreto, tivesen pendente de resolver, ou puidesen instar, o recoñecemento do dereito a unha pensión polo dito réxime.

3. Cando se tivese denegado, ou non se tivese solicitado, a pensión de xubilación por non acreditar o requisito de carencia exixido para causar dereito a ela, poderase solicitar, no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, a aplicación do beneficio recoñecido nos números dous e tres do artigo único deste real decreto.

4. Os efectos económicos que deriven das solicitudes que se formulen segundo as previsións dos números anteriores retrotraeranse, como máximo, á data de entrada en vigor deste real decreto, e serán de aplicación, de ser o caso, as normas que regulan a caducidade de efectos económicos no réxime de clases pasivas do Estado.

5. A Administración considerará válidas as solicitudes efectuadas antes da entrada en vigor deste real decreto, que producirán os efectos económicos que deriven do disposto no número anterior.

Nestes supostos, os interesados deberán realizar as actuacións precisas para o recoñecemento dos períodos que correspondan como asimilados a cotizados á Seguridade Social, de conformidade co establecido nos artigos 2.1 e 6.1 do Real decreto 432/2000, do 31 de marzo.

A resolución das solicitudes de aplicación do cómputo dos períodos asimilados a cotizados, regulada nos números 1 e 2 desta disposición transitoria, en ningún caso suporá diminución ou restrición dos dereitos económicos que viña percibindo o interesado ou que lle tería correspondido percibir de ter resolto o seu dereito a pensión sen a aplicación do referido cómputo.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación a outras situacións.*

Non obstante o disposto no número un do artigo único deste real decreto, os funcionarios encadrados no ámbito de aplicación da lexislación do réxime de clases pasivas do Estado vixente en 31 de decembro de 1984, ou os seus habentes dereito en caso de falecemento, que non causasen pensión polo dito réxime, ou por calquera outro da Seguridade Social, poderán solicitar a aplicación do beneficio recoñecido nos números un e tres do artigo único deste real decreto, sempre que sexa anterior ao feito causante do seu eventual dereito a pensión.

O cómputo dos períodos asimilados a cotizados só producirá efectos co fin de completar o período de carencia exixido; para o cálculo da pensión que proceda aplicarse, exclusivamente, a lexislación vixente o 31 de decembro de 1984.

Nestes supostos, a parte de pensión por conta do beneficiario será a contía proporcional que corresponda do importe total recoñecido, polo número de anos asimilados que se totalicen para completar os de carencia exixidos.

Os efectos económicos das pensións recoñecidas segundo esta norma serán os que deriven do regulado respecto diso no número 4 da disposición transitoria primeira.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltanse a vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda e o ministro de Traballo e Inmigración, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren as disposicións xerais que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xullo de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ